

# **REUNIÓN DA COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 06.09.2019      Hora: 10:30

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 6 de setembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 52738 (10/POC-008187)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis  
Sobre o estado de execución dos investimentos destinados á renovación da rede de centros públicos de ensino neste exercicio orzamentario  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 514, do 31.07.2019*
- 1.2 52772 (10/POC-008194)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre a supresión por parte da Xunta de Galicia do grao medio de formación profesional correspondente ao título de Técnico en Emerxencias e Protección Civil  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019*
- 1.3 52792 (10/POC-008199)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis  
Sobre a adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil ofertado no Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019*
- 1.4 52913 (10/POC-008228)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis  
Sobre a demanda á Xunta de Galicia para o mantemento do ciclo de formación profesional de grao medio en Emerxencias e Protección Civil no Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada no curso 2019-2020  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 515, do 01.08.2019*

**Punto 2. Proposicións non de lei**

- 2.1 47893 (10/PNC-003876)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre o inicio por parte da Xunta de Galicia, antes do remate de 2019, das actuacións necesarias para recuperar e poñer en valor o patrimonio arqueolóxico existente na unidade de intervención UI7, no barrio da Tinería da cidade de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 450, do 27.03.2019*
- 2.2 52253 (10/PNC-004174)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os investigadores de alto nivel contratados polas universidades galegas na súa etapa posdoutoral como consecuencia da demora na publicación da resolución das novas axudas, correspondentes á modalidade B, para a renovación dos seus contratos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 502, do 10.07.2019*
- 2.3 52956 (10/PNC-004212)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca  
Sobre a demanda á Xunta de Galicia destinada ao mantemento do ciclo de grao medio de FP de Emerxencias e Protección Civil  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 517, do 05.08.2019*
- 2.4 52989 (10/PNC-004215)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Vázquez Verao, Paula  
Sobre a reparación do dano causado pola realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019 e a elaboración dun plan especial de protección  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 517, do 05.08.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.



Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2019

Antonio Mouriño Villar  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidenta

Teresa Egerique Mosquera

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

## Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Encarnación Amigo Díaz

P

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

Carlos Gómez Salgado

P

María Isabel Novo Fariña

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Sandra Vázquez Domínguez

P

Paula Vázquez Verao

M

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 52738(10/POC-008187)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre o estado de execución dos investimentos destinados á renovación da rede de centros públicos de ensino neste exercicio orzamentario

*Publicación da iniciativa, 514, 31.07.2019*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/07/2019 13:49:25  
**Nº Rexistro: 52738**  
Data envío: 17/07/2019 13:49:25.375

## **A Mesa do Parlamento**

**María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A Consellería de Educación, Universidades e Formación Profesional conta cun Plan de dotación de Infraestruturas Educativas para o período 2016-2021.

Un plan que alonga o seu prazo de vixencia un ano máis e que incrementa o seu orzamento en preto do 70% ao pasar dun investimento inicialmente previsto de 118 millóns de euros a 200 millóns.

Con estes investimentos perséguese renovar e modernizar unha parte importante da rede de centros educativos da nosa Comunidade, para adaptar as súas instalacións ás necesidades do sistema educativo galego, particularmente en cuestións como a eficiencia enerxética, novas tecnoloxías ou os impactos demográficos.

O Goberno galego, para conseguir estes fins, afrontou con criterios técnicos unha planificación e unha previsión de investimentos que permitise a realización de melloras nas instalacións docentes, ao tempo que se xestionan con eficacia e eficiencia os recursos públicos.

Polo anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o estado de execución dos investimentos destinados á renovación da rede de centros públicos de ensino neste exercicio orzamentario?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Maria Antón Vilasánchez na data 17/07/2019 13:09:00**

**Teresa Egerique Mosquera na data 17/07/2019 13:09:16**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

CSM-REXISTROdeGalicia  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>







**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/07/2019 13:49:25  
**Nº Rexistro: 52738**  
Data envío: 17/07/2019 13:49:25.375

**Carlos Gómez Salgado na data 17/07/2019 13:09:33**

**María Isabel Novo Fariña na data 17/07/2019 13:09:49**

**Antonio Mouriño Villar na data 17/07/2019 13:10:01**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 17/07/2019 13:10:16**

**Martín Fernández Prado na data 17/07/2019 13:10:36**



CSV XESTROSutilReqT5

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 52772(10/POC-008194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a supresión por parte da Xunta de Galicia do grao medio de formación profesional correspondente ao título de Técnico en Emerxencias e Protección Civil

*Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/07/2019 12:46:21  
Nº Rexistro: 52772  
Data envío: 18/07/2019 12:46:21.219

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, sobre a supresión por parte da Xunta de Galiza do grao medio de Formación Profesional en Emerxencias e Protección Civil

A Xunta de Galiza creou no curso 2015/2016 o ciclo medio de Formación Profesional en Emerxencias e Protección Civil. Unha titulación que naceu a través dun convenio entre a Consellaría de Educación e a Academia Galega de Seguridade Pública (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia).

De maneira sorprendente e dun día para outro, despois de ter rematado o período de inscrición para o curso 2019/2020, a Xunta de Galiza decidiu pechar o ciclo sen máis explicación nin razón que o xustifique que “cuestións organizativas” entre entidades dependentes do Goberno galego.

E é que a formación do alumnado depende unha parte da Consellaría de Educación a través do IES Losada Diéguez e da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp), ambas as dúas no Concello da Estrada. Resulta incríbel que órganos do mesmo Goberno sexan incapaces de garantir entre si a organización necesaria para garantir o mantemento dunha titulación, ou o que é o mesmo, que a incapacidade do Goberno galego supoña o fin da súa formación para moitas persoas.

CSM - REXISTRO.COM/IG/76A9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/07/2019 12:46:21**  
**Nº Registro: 52772**  
Data envío: 18/07/2019 12:46:21.219

Para o Bloque Nacionalista Galego esta decisión, inadmisíbel desde calquera punto de vista, deixa sen posibilidade de cursar esta titulación a 46 persoas que xa se inscribiran na mesma e dá por finiquitada no noso país unha formación fundamental para o futuro persoal técnico en Emerxencias e Protección Civil.

Neste senso, para o noso Grupo é imprescindible que a Xunta de Galiza garanta o mantemento deste ciclo na oferta de Formación Profesional, como tamén reclaman desde a Asociación Galega de Técnicos en Emerxencias e Protección Civil de Galiza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Por que razón ou razóns a Xunta de Galiza decidiu pechar o título de grao medio de Técnico en Emerxencias e Protección Civil?
- Cantas persoas se viron prexudicadas por esta decisión?
- Cando pensa o Goberno galego recuperar a oferta desta titulación, toda vez que afirmou publicamente que a decisión era “transitoria”?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/07/2019 12:46:21**  
**Nº Registro: 52772**  
Data envío: 18/07/2019 12:46:21.219

**Luis Bará Torres**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Montserrat Prado Cores**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**  
**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 12:37:12**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 12:37:26**

**María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 12:37:45**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 12:38:00**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 12:38:13**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 12:38:29**

CSV XESTRADO: 0976A9  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 52792(10/POC-008199)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre a adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio en Emerxencias e Protección Civil ofertado no Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada

*Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019*



### Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, pertencente á familia profesional de Seguridade e Medio Ambiente ofértase na comunidade autónoma de Galicia, segundo se establece na Orde do 13 de xuño de 2019 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG do 21 de xuño de 2019), nun único centro público: o IES plurilingüe Antón Losada Diéguez (A Estrada).

O sistema de solicitude e adxudicación de prazas nos ciclos formativos impartidos na nosa comunidade autónoma vén funcionando con normalidade desde hai moitos cursos, froito dun proceso centralizado que se puxo en marcha e se foi perfeccionando desde a xeneralización destas ensinanzas.

A relación completa de solicitantes de praza para a totalidade dos ciclos formativos de grao medio pódese consultar, na data de formulación desta iniciativa, no enderezo [http://www.edu.xunta.es/fp/webfm\\_send/8302](http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8302).

Por outra parte, a relación de solicitantes que obtiveron praza en cada un dos ciclos de grao medio ofertados está dispoñible no enderezo [http://www.edu.xunta.es/fp/webfm\\_send/8348](http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/8348).

Neste último pode comprobarse que no hai ningunha adxudicación para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil o que merece que por parte da Administración educativa se dea unha explicación urxente, se temos en conta o elevado número de solicitantes, así como a exclusividade da oferta nun entorno tan acaído como é o do concello da Estrada, que conta coa presenza da sede da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e da Academia Galega de Seguridade Pública.

Ante esta situación o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Cales son os motivos polos que, na adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, ofertado no IES plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada é feita pública o día 16 de xullo de 2019, non hai ningunha praza adxudicada?





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/07/2019 09:30:00**  
**Nº Registro: 52792**  
Data envío: 18/07/2019 14:23:10.460

Pazo do Parlamento, 18 de xullo de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 18/07/2019 14:12:52**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 18/07/2019 14:13:15**

**María Luisa Pierres López na data 18/07/2019 14:13:33**

CSX, REGISTRO XERAL ENTRADA  
Verificación  
<https://seccr.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 52913(10/POC-008228)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para o mantemento do ciclo de formación profesional de grao medio en Emerxencias e Protección Civil no Instituto de Educación Secundaria Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada no curso 2019-2020

*Publicación da iniciativa, 515, 01.08.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Vázquez Vero** e **Luís Villares Naveira**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4.ª**

O 6 de xullo de 2019, logo de rematar o período de inscricións nos ciclos de FP, a Xunta daba a coñecer a eliminación do Ciclo de FP de Emerxencias e Protección Civil na Estrada, que se comezou a impartir en 2015, en conxunto entre o IES Antón Losada Diéguez e a Academia Galega de Seguridade Pública.

As razóns esgrimidas pola Xunta son motivos técnicos e organizativos e alega que é unha situación transitoria.

Esta decisión abrupta supón que haxa alumnado que quede sen a primeira opción escollida para os seus estudos de FP e outro que queda desamparado ao non ter escollido outra opción. En total, estaban inscritas 76 persoas para as 30 prazas ofertadas. Só se manterá o segundo curso do ciclo para que 27 alumnos poidan completar a súa formación.

Esta decisión é contraria á aposta por un sector de Emerxencias profesionalizado, pois mesmo a Xunta incluíu como mérito a posesión deste título de FP nas oposicións a postos deste sector, ademais de solicitar aos Concellos que tiveran en conta esta formación e de incluír esta formación como mérito para acceder aos GES.





Ademais, o feito de que se adxudicara unha vacante de docente no centro na especialidade de Procedementos Sanitarios e Asistenciais amosa a improvisación desta decisión de suprimir o ciclo de FP para o cal ten sentido esta praza.

A existencia do ciclo de FP de Emerxencias na Estrada foi motivo de gabanza por parte tanto da Xunta de Galicia como do Alcalde da Estrada, pero estas manifestacións non se corresponden coa decisión de paralizar este ciclo formativo.

Polo exposto, os deputados que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.<sup>a</sup>:

- É esta a aposta pola FP da Xunta de Galicia?
- Cales son as razóns que motivan esta abrupta cancelación do ciclo de FP de Emerxencias por parte da Xunta? Hai algunha discrepancia entre as Consellerías de Vicepresidencia e Educación?
- Vaise recuperar o ciclo de FP de Emerxencias na Estrada? Vaise recuperar noutra localidade? Cando?
- Vaise manter a calidade educativa no segundo curso do ciclo de FP de Emerxencias en 2019-2020?
- Como valora as consecuencias socioeconómicas para A Estrada coa supresión deste ciclo de FP?
- Que vai suceder co persoal relacionado con este ciclo de FP?

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2019.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/07/2019 13:56:06**  
**Nº Rexistro: 52913**  
Data envío: 23/07/2019 13:56:06.388

Asdo.: Paula Vázquez Vero  
Luís Villares Naveira  
Deputada e deputado do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Vero na data 23/07/2019 13:52:02**

**Luis Villares Naveira na data 23/07/2019 13:52:13**

CSXV REGISTRO004q8SdGFT  
Villares Naveira  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.       Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 47893(10/PNC-003876)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre o inicio por parte da Xunta de Galicia, antes do remate de 2019, das actuacións necesarias para recuperar e poñer en valor o patrimonio arqueolóxico existente na unidade de intervención UI7, no barrio da Tinería da cidade de Lugo

*Publicación da iniciativa, 450, 27.03.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 18/03/2019 13:03:12  
**Nº Rexistro: 47893**  
Data envío: 18/03/2019 13:03:12.303

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a situación na que se atopan os restos arqueolóxicos no barrio da Tinería de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio da Tinería, en Lugo, é un espazo de enorme valor patrimonial. Nos últimos meses a Xunta de Galiza reiniciou os traballos de rehabilitación que ficaran paralizados durante a última década en unidades de intervención como nas que se atopan o Hospital de San Miguel e o Pazo de Dona Urraca.

Porén, fican pendentes actuacións que recuperen e poñan en valor restos arqueolóxicos romanos que se atopan tamén na Tinería, especialmente os fornos localizados na Unidade de Intervención UI-7. Actualmente este espazo atópase valado cun peche metálico e nun estado de conservación pésimo malia se atopar a carón da Muralla.

Para o Bloque Nacionalista Galego as actuacións da Xunta no barrio da Tinería deben ser concibidas no seu conxunto e ter moi presente a recuperación e posta en valor dos elementos patrimoniais, tamén arqueolóxicos.





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/03/2019 13:03:12**  
**Nº Rexistro: 47893**  
Data envío: 18/03/2019 13:03:12.303

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar antes de rematar 2019 as medidas necesarias para recuperar e pór en valor os restos arqueolóxicos romanos que se atopan na Unidade de Intervención UI-7 no barrio da Tinería en Lugo.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Rivas Cruz**


Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2019 12:54:09**







BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/03/2019 13:03:12**  
**Nº Rexistro: 47893**  
Data envío: 18/03/2019 13:03:12.303

**María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2019 12:54:15**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 18/03/2019 12:54:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2019 12:54:21**

**Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2019 12:54:23**

**Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2019 12:54:30**

CSX 03VAJLQYSI  
Verificación:  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



**Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura**

**Día: 06.09.2019**

**Hora: 10:30**

**Orde do día**

2.2 52253(10/PNC-004174)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación en que se atopan os investigadores de alto nivel contratados polas universidades galegas na súa etapa posdoutoral como consecuencia da demora na publicación da resolución das novas axudas, correspondentes á modalidade B, para a renovación dos seus contratos

*Publicación da iniciativa, 502, 10.07.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na Comisión 4.<sup>a</sup>, sobre a perda de emprego de 34 investigadoras en Galicia

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O programa I2C da Xunta é un dos programas de referencia para a captación e retención de talento científico en Galicia. Cun orzamento de 8,5 millóns de euros, ofrece a posibilidade de que as universidades galegas contraten persoal investigador de alto nivel, na súa etapa posdoutoral, despois de que pasaran durante dous anos por centros de investigación de prestixio noutros países.

Despois de tres anos (Modalidade A), os investigadores e investigadoras teñen a posibilidade de renovar a súa vinculación coas universidades galegas durante outros dous anos (Modalidade B), un proceso para o que a Xunta debe publicar unha convocatoria competitiva. Porén, a falta de previsión e un enorme atraso nesa publicación por parte da Consellería de Educación, vén de deixar no paro e nunha situación de grande incerteza a 34 investigadores e investigadoras.

34 investigadores e investigadoras de primeiro nivel contratados polas universidades galegas que veñen de quedar no paro.

A Consellería de Educación publicou hai dúas semanas a convocatoria que debe permitir a renovación por dous anos da vinculación aos seus actuais centros de investigación. Porén, este proceso, que debería ter comezado hai meses, non se





resolverá no mellor dos casos ata o 1 de decembro. É dicir, no mellor dos casos votarán cinco meses no paro.

Mentres, a súa participación e numerosos proxectos de investigación está paralizada, e tampouco poderán dar clases durante o primeiro semestre do vindeiro curso. Un novo obstáculo para a súa futura estabilización xa que é un requisito indispensable ter horas de docencia acumulada para conseguir unha praza na Universidade

Ante esta situación varios destes e destas investigadoras están procurando unha saída noutras comunidades ou noutros países e alertan da "fuga de cerebros e de talento" que se pode producir por mor do atraso da Xunta.

Os investigadores e investigadoras afectadas esixen "unha solución para a súa situación ata que se publique a resolución da adxudicación das novas axudas correspondentes á Modalidade B". E sinalan que esta medida "non supón un gasto adicional para a Xunta, xa que queda diñeiro orzado na convocatoria do 2016 sen gastar debido a desvinculación de 15 investigadores do programa", unha cantidade "máis que suficiente para cubrir estes contratos até a resolución da Modalidade B", din

Por todo o dito, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Facilitar contratos temporais-ponte que permitan manter as investigacións en curso no tempo que falta ata a resolución.
2. Establecer prazos fixos para as convocatorias de investigación de xeito que se garanta unha maior estabilidade para a carreira investigadora.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/07/2019 13:45:19**  
**Nº Registro: 52253**  
Data envío: 04/07/2019 13:45:19.327



Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea

Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/07/2019 13:42:57**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/07/2019 13:43:14**

**José Manuel Lago Peñas na data 04/07/2019 13:43:28**

CSX REGISTROPI-0HfPTPZZ  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 52956(10/PNC-004212)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre a demanda á Xunta de Galicia destinada ao mantemento do ciclo de grao medio de FP de Emerxencias e Protección Civil

*Publicación da iniciativa, 517, 05.08.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

Como cada verán, a Consellería de Educación aproveita o remate do curso para recortar aínda máis os nosos xa malogrados servizos educativos.

No curso 2015-2016 comezou a impartirse no instituto Antón Losada Diéguez da Estrada un ciclo de grao medio de FP en Emerxencias e Protección Civil, coa colaboración da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp). Deste ciclo, a actual conselleira de Educación, Carmen Pomar, chegou a dicir que “está a resultar de utilidade para o conxunto da sociedade galega”. Non obstante, no pasado mes de xullo pasou a engrosar a funesta listaxe de recortes caniculares aos que nos ten tristemente acostumbrados o Goberno de Núñez Feijóo.

A cancelación do ciclo sorprende porque se trataba dun proposta que viña concitando un éxito notable. A demanda superaba a oferta de maneira clara e rotunda. Só no último ano, presentáranse 76 aspirantes ás 30 prazas, 46 dos cales marcaran o FP de Emerxencias como primeira opción de estudos.

Coa supresión do título, a Xunta de Galicia traízoa sen motivo aparente tanto aos traballadores como ao conxunto dos alumnos e alumnas. Uns e outros terán que buscar agora, sen apenas tempo, unha alternativa para o vindeiro curso. Segundo o Goberno galego, “o alumnado que solicitou acceder ao ciclo para o próximo curso entrou no procedemento de admisión coas outras opcións marcadas”, pero non aclarou aínda que é o que acontece coas 24 persoas que non indicaron opcións alternativas.





A Asociación de Técnicos de Emerxencias e Protección Civil, creada polas primeiras promocións do ciclo de grao medio, denunciaron a eliminación do título, subliñando a pertinencia da súa formación que noutras comunidades do Estado se recoñece outorgándolle o rango de ciclo superior e non só de ciclo medio, como no caso de Galicia.

Así as cousas, cómpre que a Xunta reverta un recorte inxustificado que non só supón un prexuízo tremendo para o seu alumado e profesorado –vítimas da improvisación e negligencia inesgotables do Goberno–, senón que dana ao conxunto da cidadanía galega ao privala dunha formación imprescindible para avanzar na mellora da súa seguridade.

Por todo o dito, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na comisión 4ª.

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Reverter o recorte do ciclo de grao medio de FP en Emerxencias e Protección Civil.

Santiago de Compostela, a 24 de xullo de 2019

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G. P. de En Marea

Asdo.: Manolo Lago Peñas

Voceiro do G. P. de En Marea







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/07/2019 09:30:00**  
**Nº Registro: 52956**  
Data envío: 24/07/2019 14:08:40.843



**Asinado dixitalmente por:**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 24/07/2019 14:02:14**

**Luca Chao Pérez na data 24/07/2019 14:02:24**

**José Manuel Lago Peñas na data 24/07/2019 14:05:58**

CSV: REXISTROT:81c6pXP9  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 4ª, Educación e Cultura

Día: 06.09.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 52989(10/PNC-004215)

Grupo Parlamentario Mixto

Vázquez Verao, Paula

Sobre a reparación do dano causado pola realización de obras no mosteiro de San Salvador de Asma en xaneiro de 2019 e a elaboración dun plan especial de protección

*Publicación da iniciativa, 517, 05.08.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 4ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2019, o Grupo Municipal Por Chantada-CUP deunos conta da realización de obras no conxunto do mosteiro de San Salvador de Asma, sen constar que exista licenza municipal nin a pertinente autorización da Consellería de Cultura para ditas actuacións.

Tal como se observa en imaxes divulgadas pola Candidatura de Unidade Popular Por Chantada-CUP, téñense realizado actuacións no entorno da adega, cabaleirizas e entradas do mosteiro, tendo movido terra e introducido pedra do exterior con maquinaria pesada.

O mosteiro de San Salvador de Asma, en Chantada, é un centro esencial da vida socioeconómica de Chantada dende mediados do século X. Trátase dunha xoia do noso Patrimonio, que conta con restos de distintas épocas. Consérvanse vestixios románicos e un templo tamén do século XII, con restos prerrománicos, así como partes do s. XV, XVII e XVIII. Asemade, conta cun retábulo renacentista. A igrexa é visitable, pero o conxunto do mosteiro non, estando en mans privadas.

Recentemente, foi declarado BIC, na categoría de monumento, de acordo co Decreto, de 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Dita consideración de BIC “acadará todas as súas partes integrantes e elementos pertencentes, polo que serán parte do ben





declarado BIC as dependencias ou edificacións anexas que teñan relación cos seus valores culturais, en especial as igrexas e capelas, as edificacións residenciais, as construcións auxiliares de carácter significativo ou funcional e os muros de peche dos predios inmediatos”.

Ademais de ser afectado por estas actuacións en curso, denunciadas con data de 21 de xaneiro de 2019 por Por Chantada-CUP, o ben tense visto degradado no pasado ante a pasividade de todas as Administracións públicas encargadas de velar polo mesmo.

Segundo establece o artigo 39 da Lei de Patrimonio, que regula o réxime de autorizacións das intervencións nos bens de interese cultural, “ as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados... terán que ser autorizadas pola consellaría competente”, autorización que terá “carácter independente de calquera autorización licenza ou trámite previo”.

Asemade, a Consellería de Cultura poderá ordenar “a suspensión de calquera intervención non autorizada nun ben de interese cultural ou catalogado para o cumprimento dos fins previstos nesta lei” (lei de Patrimonio).

Segundo establece o artigo 135 da Lei de Patrimonio, que regula a Reparación de danos:

“1. A resolución que imponha a sanción por infraccións tipificadas nesta lei das que deriven danos para o patrimonio cultural da Galiza comportará a obriga de restitución do ben ao seu debido estado, ou da emenda da alteración producida no seu contorno de protección, sempre que iso sexa posible. Esta obriga é imprescritible.

2. O incumprimento desta obriga de reparación de danos ou restitución das cousas ao seu debido estado facultará a consellaría competente en materia de patrimonio cultural para actuar de forma subsidiaria realizando as obras por si ou





a través das persoas físicas ou xurídicas que se determinen e á custa do obrigado ou obrigada, utilizando, se é o caso, a vía de constrinximento para reintegrarse do seu custo. O importe dos gastos poderá liquidarse de forma provisional e realizarse antes da execución, a reserva da liquidación definitiva.”

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Iniciar os trámites pertinentes para reparar o dano causado no mosteiro de San Salvador de Asma polas últimas obras sen autorización.
2. Presentar no prazo máximo de tres meses, un informe sobre as posibilidades de adquisición e xestión pública do mosteiro de San Salvador de Asma.
3. Elaborar un Plan Especial de Protección para o mosteiro de San Salvador de Asma.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Vero  
Deputada do G.P. Mixto  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. Mixto.



**Asinado dixitalmente por:**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/07/2019 11:22:31**  
**Nº Rexistro: 52989**  
Data envío: 29/07/2019 11:22:31.167



**Paula Vázquez Veroa na data 29/07/2019 11:21:25**

**Luis Villares Naveira na data 29/07/2019 11:21:37**

CSX: REXISTRO2KPTxyjs00  
Villares Naveira  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

